



# MASTERCLASS DE VIOLIN

## RAQUEL CASTRO

XOVES 4 E VENRES 5 DE MAIO  
DE 10:00 A 13:30 E DE 16:00 A 19:30

Raquel Castro formouse en España con Lev Chistiakov e en Londres na «Guildhall School of Music and Drama» con Detlef Hahn. Completou os seus estudos na «Jacobs School of Music» da Universidade de Indiana en Bloomington (EEUU) e grazas a axuda dunha beca Fulbright obtivo o «Master in Music» con honores baixo a tutela de Mauricio Fuks. Durante sus estudos en Bloomington traballou como «Assistant Instructor» para a Universidade de Indiana. Despois da súa graduación, foi invitada como profesora da Universidade de Indiana formando parte do equipo de profesores de Mimi Zweig na «Summer String Academy» e tamén como profesora invitada en substitución do Mestre Fuks.

É docente da Escola Superior de Música de Cataluña (ESMUC) dende setembro do 2004. Como destacada pedagoga os seus estudantes gozan de gran éxito nacional e internacional como gañadores de premios en diversos concursos e como membros de importantes orquestras e ensambles. Tamén realiza unha gran labor formando a profesores en España, para o cultivo da ensinanza profesional e impulsala ao máis alto nivel. Imparte regularmente cursos e master classes a nivel nacional e internacional.

Raquel Castro Pego goza dunha versátil carreira como pedagoga e violinista. Actúa regularmente en numerosos festivais: Classica Havana, Cuba, Ciao en Chengdu, China, "Kefar Blum" Israel, "Luosto" en Finlandia, Cividale Chamber Music en Italia, Terra Mágica en Croacia, y en España: Festival Internacional Ciudad Monumental de Cáceres, Festival de Panticosa, Forum Musikae, Festival de Matadepera en Cataluña, Via Láctea, Aremore y Festival Ponte das Artes en Galicia e Sunnmore Chamber Music Festival en Noruega, entre outros.

No 2015 realiza concertos como solista celebrando o 30 aniversario da Orquestra de Cámara Catalana interpretando a Sinfonía Concertante de Mozart xunto ao violista Yuval Gotlibovich. Tamén coa Orquestra de Cámara Catalana estrea e rexistra para Naxos a obra do compositor Ramón Paus, Elegía I, a deriva, xunto ao violista Yuval Gotlibovich e o Coro de cámara da Esmuc.

Impartirá clases (1 hora) de violín e grupos de cámara.

\*Inscripcións limitadas con preferencia para o alumnado do CSM A Coruña

MATRÍCULA VIOLÍN 50 euros

MATRICULA CÁMARA: 25 euros por persoa

MATRICULA ALUMNADO EXTERNO 70 euros

INSCRICIÓNS

Por correo electrónico a: [violin@csmcoruna.com](mailto:violin@csmcoruna.com)



C S M  
CONSERVATORIO SUPERIOR  
DE MÚSICA DA CORUÑA